

Amigas e amigos, Sr. Alcalde e Corporación Municipal de Ribadeo.

Moi querido Xavier:

Celebrámoste hoxe na túa obra e na túa persoa como poeta de fonda raíz ética, como poeta que nos leva entregado unha obra que nos di verdade, para o fulgor da nosa cultura, da nosa literatura.

E facémolo aquí, en Ribadeo, na terra na que abriches os ollos a moitos dos sentires, pois máis que o lugar concreto, o topónimo que se vencella ao noso nacemento, creo que somos verdadeiramente dos territorios nos que nacemos aos sentidos. Territorios que son para ti da infancia, nesta ría de azul cantábrico que paze nesta luz de xuño coma cabritiña mansa.

A túa palabra poética é cálida e fonda, e dános as súas irisadas palabras ao ser tallada coa túa man de ourive.

Dinos Sheley:

*O poeta establece unha certa proximidade entre a beleza e a verdade [...] e as súas ideas son o xerme da flor e do froito [...] por iso o poema é a imaxe mesma da vida expresada na súa eterna verdade*

Eis a cerna da túa poesía, Xavier: *a vida expresada na súa eterna verdade*

Percorro o teus poemas e son canción de embalar que di toda medida, a medida do noso idioma con que, en palabras dun verso teu, *andamos enxendrando en espiral o noso paso eterno*.

E entro aos teus poemas para na túa verdade te coñecer, e neles, ao te ler, voute coñecendo e como grande poeta que es, voume coñecendo a min mesmo. E coñecemos o noso tempo, que é o teu e todo aquilo que non é continxencia, e que acompaña ao ser humano.

Querido Xavier, busco un primeiro recordo na comunicación contigo e venme lonxincuo (ano 1981) o teu primeiro libro *Fentos no Mar*, coa súa capa amarelo limón de Edicións o Castro -Colección Liminar- e os teus versos, a túa obra poética, na que en cada poema entrabas con delicado paso e tomaba a forma xusta e nesta forma era a beleza.

Xa máis tarde acompañarte a pasear nalgún Galeusca en Iruña, creo, unha praza de abastos, no balbordo de xentes nas súas conversas, e admirabamos onde ficou ancorada a prata do sargo ou como explendía a luz da mañá na robaliza, ou como o pemento se facía na túa man, dun verde de pedra semipreciosa.

Esta é a homenaxe ao poeta que nos deixa entrar nos seus versos nun exercicio de humildade e desnudamento, e entramos na soidade de ser humanidade e ser quen hoxe contigo volve aos territorios da infancia, que acolle o lugar, a casa. *Quen somos necesita un lugar de onde vir*, diría Yeats.

A casa “*aquela que aínda dura / preto do faro, a ventos condenada*” que nos dis nos teus versos. A casa para recibir o abrazo dos que a encheron de emocionada luz de anacos de tempo, o teu leve fardel de poeta.

A casa, a terra. Ese rostro da terra que somos capaces de ler, coma se fose un libro ou un antigo manuscrito que nos foi escrito por aqueles que nos precederon e que converteron a nosa terra física na terra simbólica, e nos deron os instrumentos da nosa cultura para sabela ler.

Querido Xavier: quizais podería servir como cita referente da túa obra o título dun teu libro, *Anos de viaxe* para enunciar a poética de toda unha vida. Espriu chamoulle *Anos de aprendizaxe* á súa obra completa. Quizais é iso, o estar do poeta, o seu ser no mundo: a sempre inacabada aprendizaxe que a poesía dá ao poeta nos seus *anos de viaxe*.

Quizais porque a obra do poeta é unha viaxe no tempo, de retorno aos territorios da infancia, da que na realidade nunca acabamos de partir, nin acabamos retornar, para pousar os pés sobre o noso chan, que nos está a dar a súa luz macia, para así non nos perder no noso camiño de retorno.

Na tua viaxe poética preguntaste: *terá conciencia o mundo?* Preguntaste en terras lonxincuas como tamén é a nosa, como toda terra que sedimenta a súa alma na soidade dos séculos.

Só se se é capaz de perguntar coa palabra poética e a súa tensión ética, podemos retirar os panos cos que nos queren ocultar a beleza do mundo, concretado tamén na nosa terra, na nosa cultura.

A túa obra poética, interpreta o ser do vivir tal cal é dito, no noso idioma, coa súa beleza interior e así afirma a raíz e a flor da árbore da vida, para así nos dar o froito e a semente.

Nos teus poemas dásnos con Íntima Musicalidade, coa medida do poeta, coas suxestións sonoras do noso idioma, aquilo que nos está a falar coa súa voz interior do ser máis interior do mundo, a súa máis íntima luz na súa eterna permanencia.

Hai unha lei non escrita nas aldeas do Iraq, ese berce da cultura da humanidade hoxe crucificado, na que cando nunha aldea se ten noticia da existencia dun poeta, celebran unha festa, porque iso significa que o nome da aldea nunca desaparecerá aínda que desapareza a aldea fisicamente.

Ribadeo é fértil en fillos que sosteñen o seu nome que xa é imborrábel.

Dende a AELG, os teus compañeiros e compañeiras celebrámoste hoxe e celebramos esta terra polo teu nome xa imborrábel, tamén na pedra que celebra a humilde árbore da vida e un parque co teu nome deitado á beira da historia nunha ría leda, só polo vento derrotada.

Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega